



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

Número de expediente: **G57/2021** .

Denominación do contrato: **REGENERACION DEL PAVIMENTO DE ACCESO A VAZ, DE VILORIZ A SANTA MARTA, IGREXA DE AMANDI Y A TRAVESA.**”,

**CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRAS.**

Na Casa do Concello de SOBER, provincia de Lugo, sendo as 11.00 horas., do día 8 de xuño de dous mil vinteún ; **COMPARECEN:**

Dunha parte, e como **ADXUDICADOR**, o Concello de Sober, e no seu nome e legal representación, o Sr. Alcalde Don Luís Fernández Guitián con D.N.I.: 34.253.253-C, asistido do Secretario Interventor Dona David Criado Taboada, con D.N.I.: 33558615M, que certifica e da fe deste acto.

Doutra parte, como ADXUDICATARIO, : **FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L., con CIF B27276856, representada por Fernando José López Vázquez con D.N.I. nº 34.268.618-K,** con domicilio a efectos de notificacións en Calle Carretera de Currelos s/n, parcela D, Morgade, 27460 Sober. (Lugo), correo electrónico fevisaviasyobras@gmail.com.

A finalidade do presente acto é a de proceder a formalización seguinte contrato:

DENOMINACIÓN	“REGENERACION DEL PAVIMENTO DE ACCESO A VAZ, DE VILORIZ A SANTA MARTA, IGREXA DE AMANDI Y A TRAVESA.”
CPV	45233220-7
TIPO DE CONTRATO	Contrato de obras
ORGANO DE CONTRATACIÓN	Alcalde
PROCEDIMIENTO	Abierto Simplificado
FINANCIACIÓN	Plan Provincial Único 2021, Deputacion Provincial de Lugo: 99.226,04 euros iva incluido (100%)
VALOR ESTIMADO	82.004,99 €
PRECIO	99.226,04 euros iva incluido, sendo de iva un total de 17.221,05 euros
PARTIDA	453.619
PROCEDIMIENTO	Aberto con varios criterios de adjudicación
PUBLICIDAD	Perfil del Contratante: www.concellodesober.com
REGISTRO	<a href="http://concellodesober.sedelectronica.gal">http://concellodesober.sedelectronica.gal</a>
LICITACIÓN ELECTRÓNICA	ELECTRÓNICA

**Concello de Sober**

Praza do Concello s/n, 27460 – Sober (Lugo) Tlf: 982 460 001 Fax: 982 460 002  
e-mail: info@concellodesober.com



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

GARANTÍA DEFINITIVA	5%
CLASIFICACIÓN	Categoría 1, Grupo G, Subgrupo 4

E convindo a ambas partes, en calidade de ADXUDICADOR e ADXUDICATARIO, o presente contrato de obras, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes cláusulas.

**CLAÚSULAS:**

**1º.- OBXECTO DO CONTRATO.-**O contrato ten por obxecto a execución das obras do proxecto de “Regeneracion del pavimento de acceso a Vaz, de Viloriz a Santa Marta, igrexa de amandi y a travesa.”, redactado en data de febreiro de 2021 polo enxeñeiro de camiños Don José Enrique Cacicedo Herrero, colegiado nº 8.905; e que presenta un orzamento de contrata de 99.226,04 euros, dos cales 17.221,05 euros se corresponden ao iva.

Para a execución das citadas obras esta entidade local conta con financiación por parte da Deputación Provincial de Lugo, **Plan Provincial Único 2021, por importe de 99.226,04 euros iva incluído** (100% dos investimentos).

**2º.- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.-** Don Fernando José López Vázquez, con D.N.I. nº 34.268.618-K en representación de **FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L., con CIF B27276856, comprométese a executar as obras obxecto do presente contrato** con arranxo ao prego de cláusulas administrativas particulares (PCA) e ao prego de prescricións técnicas (PPT), a oferta presentada, que figuran no expediente, documentos contractuais que acepta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel.

**3º.- PREZO.** O prezo do contrato, IVE incluído é de: **oitenta e un mil trescentos doce euros, 81.312 €, (desglosados en 67.200 € de base e 14.112 € de IVE)** de acordo coa resolución de adxudicación de obra de data de 3 de xuño de 2021. Non se aplicará a revisión de prezos (cláusula 9 do PCA). O adxudicatario ten a obriga de presentar a factura conforme Á cláusula 34 do PCA.

**4º.- PRAZO DE EXECUCIÓN.** O prazo límite de execución do contrato será de **3 meses**.

**Antes do inicio das obras** de referencia, o adxudicatario deberá presentar o **Plan de Seguridade e Saúde**, que deberá ser aprobado polo Concello, unha vez informado favorablemente polo director da obra, de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e no establecido na cláusula 22 do PCA. Ademais dun **Plan de Residuos** en aplicación do artigo 5 do Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición e no establecido na cláusula 23 do PCA.

O adxudicatario responderá da vixilancia dos terreos así coma dos bens que haxa nos mesmos. Se así fora requirido pola dirección da obra, o adxudicatario terá a obriga de adscribir, con carácter permanente, persoal de garda nas obras ata a recepción das mesmas.

**Concello de Sober**



## CONCELLO DE SOBER. LUGO.

**5º.- GARANTÍA.** Establécese unha garantía mínima de **60 meses**, contados a partir da data de recepción das obras. Ao remate das obras, se estas se atopan en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, o director facultativo, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía, de conformidade co establecido no artigo 243 Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP).

O adxudicatario, para responder do cumprimento do presente contrato, ten constituída unha garantía definitiva por valor de **3.360 €**, que corresponde o **5% do prezo de adxudicación** do contrato de conformidade coa lexislación vixente e co PCA, mediante constitución de **aval bancario na entidade de ABANCA SA en data de 26/05/2021 con número de rexistro 667184 e número de operación 560-115-3.280-8**, o cal se adxunta para o seu depósito nas oficinas do concello.

O adxudicatario está obrigado non só á execución das obras, senón tamén a súa conservación e policía ata a recepción e durante o prazo de garantía das mesmas.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva e transcorrido o prazo de garantía das obras ofertado polo adxudicatario, ditará acordo de devolución daquela ou de cancelación do aval, conforme ao procedemento establecido no artigo no 243 da LCSP.

**6º ADSCRICIÓN DE PERSOAL.** O adxudicatario adscribirá a esta obra o persoal conforme á oferta.

### **7º.- GASTOS E IMPOSTOS ESIXIBLES AO ADXUDICATARIO.-**

-O adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos, de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación.

- Así mesmo, deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que pesen sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato, así como obter a licenza de obras ou imposto sobre construcións, obras e instalacións, se procede, e o aboamento do imposto correspondente.

-Na data en que comecen os traballos, o adxudicatario queda obrigado a colocar á súa costa un cartel informativo en cada un dos tramos de obra a arranxar conforme ao modelo que figura nos pliegos de contratación.

-Así mesmo, o adxudicatario está obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativas de obras, perigo, precaución, desviación, etc., de conformidade co disposto no Código da Circulación e normativa de Prevención de Riscos Laborais, e a adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo persoalmente responsable dos accidentes motivados por incumprimento desta cláusula.

**8º.- DIRECCIÓN, INSPECCIÓN E SEGURIDADE DA OBRA. PLAN DE RESIDUOS.-** Como director técnico da obra o Concello ten nomeado por **Resolución de Alcaldía de data 28 de Febreiro de 2021** ao enxeñeiro de camiños **Don José Enrique Cacicedo Herrero, colegiado nº 8.905.**

**9º.-MELLORAS OFERTADAS.-** O adxudicatario realizará as seguintes melloras segundo a oferta presentada:

**Ningunha.**

### Concello de Sober

Praza do Concello s/n, 27460 – Sober (Lugo) Tlf: 982 460 001 Fax: 982 460 002  
e-mail: info@concellodesober.com



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

**10º.-PREGOS.**-O adxudicatario, presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

Así o din e outorgan, e para a debida constancia de todo o convido asinan este contrato en cuadruplicado exemplar no lugar e data arriba indicado; ante min O Secretario que dou fe.

ALCALDE,

O ADXUDICATARIO,

Asdo: **Luis Fernández Guitián**

Asdo: **Fernando José López Vázquez.**

O SECRETARIO INTERVENTOR

Asdo: **David Criado Taboada.**

